

ORDENANZA FISCAL NUMERO T15

Taxa por colocación de tuberías, fíos conductores e cables en postes ou en galerías de servicio de titularidade do Concello de Ribadeo.

Artigo 1º. Concepto e fundamento legal.

De conformidade co previsto no artigo 57, en relación con artigo 20.1.B), amolos dous do Real Decreto Legislativo 2/2004 que refunde o texto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por colocación de tuberías, fíos conductores e cables en postes ou en galerías de servicio de titularidade desta entidade local, que se rexirá pola presente Ordenanza.

Artigo 2º. Feito imponible.

1. Constitue o feito imponible da taxa a utilización de postes ou galerías de servicio propiedade deste Concello para a colocación de tuberías, fíos conductores e cables.
2. A produción do feito imponible desta taxa declárase expresamente compatible coas que se poideran orixinar pola utilización privativa ou o aproveitamento especial constituídos no solo, subsolo e voo das vías públicas municipais en favor de empresas explotadoras de servicios de suministro que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante do vecindario.

Artigo 3º. Suxeito pasivo e responsables da taxa.

1. Son suxeitos pasivos da taxa regulada nesta Ordenanza, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que se beneficien dos servicios prestados ou realizados por este Concello definidos no artigo anterior.
2. Serán responsables da debida tributaria xunto ós suxeitos pasivos ou debedores principais:
 - a) Solidariamente as persoas ás que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria.
 - b) Subsidiariamente as persoas ás que se refire o artigo 43 da lei Xeral Tributaria.

Artigo 4º. Exencións, bonificacións e beneficios tributarios.

De conformidade co disposto no artigo 9º do Real Decreto Legislativo 2/2004, non se recoñece exención, bonificación nin beneficio tributario algún, agás os que sexan consecuencia do establecido nos Tratados ou Acordos Internacionais ou veñan previstos en normas con rango de lei.

Artigo 5º. Cota tributaria.

1. A cota tributaria da taxa estará constituída, segundo o tipo de uso, por unha tarifa por metro lineal de galería ou por cada poste.
2. As tarifas desta taxa serán as seguintes:

Tarifa 1ª. Por cada metro lineal, ou fracción, de elemento, calquera que sexa a súa clase, que se instale en galerías municipais, ó ano 3,93 euros.

Tarifa 2ª. Por cada poste do Concello utilizado ó ano:

- a) Se o poste é de madeira..... 78,60 euros.

- b) En postes de formigón 117,89 euros.
c) En torretas de estrutura metálica ou outro material 157,20 euros.

3. Ós efectos de canto dispón a tarifa 1ª do número dous anterior consideraranse elementos diferentes cada un dos fíos conductores físicamente diferenciábeis e/ou separábeis que integran a condución.

Artigo 6º. Dereito á percepción e período impositivo.

1. A taxa percibirase, nacendo a obriga de contribuír, coa solicitude de autorización da prestación do servizo, e, nos casos de utilización sen solución temporal de continuidade, anualmente o 1 de xaneiro de cada ano.
2. O período impositivo comprenderá o ano natural, agás nos supostos de inicio ou cese no uso do servizo, neste caso a cota prorratearase por trimestres naturais.

Artigo 7º. Normas de xestión.

A débeda tributaria derivada da taxa esixírase en réxime de autoliquidación, polo que ó tempo de presentación da solicitude de autorización da utilización dos postes ou galerías municipais deberá acreditarse polo solicitante ter aboad o seu importe, e as sucesivas anuais a súa liquidación realizarase por Padrón e o seu ingreso dentro dos prazos de ingreso en voluntaria establecidos polo artigo 62 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 8º. Obrigas e responsabilidades do usuario do servizo.

1. As persoas físicas ou xurídicas interesadas na prestación do servizo a que se refire esta Ordenanza, presentarán neste Concello a oportuna solicitude especificando a clase, lonxitude, emprazamento e demais detalles necesarios para identificar os elementos a colocar nos postes e galerías, así como a autoliquidación a que fai referencia o artigo 7º anterior.
2. O custo de instalación, mantemento, conservación e retirada dos elementos autorizados non está comprendido nas tarifas e serán sempre de conta dos interesados.
3. Os beneficiarios dos servizos a que se refire a presente Ordenanza, ao deixar de utilizar os mesmos, están obrigados a formular a este Concello as oportunas declaracións de baixa, dende que o feito se produza e ata o último día hábil do mes natural seguinte a a aquel no que tivo lugar. Tales declaracións surtirán efectos a partir do exercicio seguinte a aquel no que se formulen.
4. Para que surta efecto a declaración de baixa deberá acreditarse diante deste Concello que se efectuou a retirada dos elementos instalados en postes e galerías.

Artigo 9º. Infraccións e defraudacións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto no Título IV da Lei Xeral Tributaria, e iso sen prexuízo das que conforme a lexislación urbanística se poidan esixir.

Disposición derradeira. Entrada en vigor e comezo de aplicación da Ordenanza.

A presente Ordenanza entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo” e comezará a súa aplicación na mesma data.

DILIXENCIA: a presente Ordenanza foi modificada por acordo plenario de data 19 de xaneiro de 2009 e publicada no BOP número 29 de 5 de febreiro de 2009

DILIXENCIA: a presente Ordenanza foi modificada por acordo plenario de data 9 de novembro de 2011 e publicada no BOP número 299 de 31 de decembro de 2011